



MEMORIA ANUAL 2023

Ilustre Colexio Oficial Graduados/as
Sociais de Pontevedra

Rúa Alfonso X O Sabio, nº3 1º
36211 Vigo



ÍNDICE

- [Composición da Xunta de Goberno](#)
- [Comisións de traballo da Xunta de Goberno](#)
- [Xunta Xeral Anual Ordinaria](#)
- [Reunións de traballo. Presidencia e Xunta de Goberno](#)
- [Informe de secretaría](#)
- [Accións formativas e informativas](#)
- [III Xornadas Laboralistas](#)
- [Xornadas Técnicas](#)
- [Actos Solemnes Institucionais](#)
- [Servizo Gratuíto de Orientación Xurídico Laboral](#)
- [Bolsa de emprego](#)
- [Base de datos](#)
- [Censo Colexiados/as](#)
- [Informe anual de xestión económica](#)
- [Procedementos informativos e sancionadores](#)
- [Queixas e reclamacións](#)
- [Graduados/as Sociais na prensa](#)



Composición da Xunta de Goberno

O colexio de Graduados Sociais de Pontevedra rexerá por unha Xunta de Goberno, que será o órgano de execución e xestión dos acordos da Xunta Xeral, desempeñará con carácter permanente a administración do colexio e terá en todo momento a plena representación da corporación.



PRESIDENTE
Raúl Eugenio Gómez Villaverde



VICEPRESIDENTA 1ª
Mercedes Veá Vázquez



VICEPRESIDENTA 2ª
Sandra Cid Conde



SECRETARIA
Noemí Sordo Herrero



TESOUREIRO
Marcos Plaza Precado



VOCAL EXERCENTE
Nuria Giráldez Villar



VOCAL EXERCENTE
Mª. Teresa González
Rodríguez



VOCAL EXERCENTE
José Antonio Pazó Calvar



VOCAL EXERCENTE
F. Javier Rego Martínez



VOCAL EXERCENTE
Julio César Pintos Justo



Comisións de traballo da Xunta de Goberno

RELACIÓNS COA TGSS

D. Marcos Plaza Precedo
D^a. Nuria Giráldez Villar
D. Julio César Pintos Justo

RELACIÓNS CO INSS

D. Marcos Plaza Precedo
D. José Antonio Pazó Calvar

RELACIÓNS CO SEPE

D. José Antonio Pazó Calvar
D^a. M^a. Teresa González Rodríguez
D^a. Sandra Cid Conde

RELACIÓNS COA AEAT

D. Raúl E. Gómez Villaverde
D^a. Noemí Sordo Herrero
D^a. Mercedes Veá Vázquez

RELACIÓNS COA ITSS

D. José Antonio Pazó Calvar
D. F. Javier Rego Martínez
D. Marcos Plaza Precedo

RELACIÓNS COAS MUTUAS

D^a. Noemí Sordo Herrero
D^a. Mercedes Veá Vázquez

COMISIÓN CULTURA E COMUNICACIÓN

D. Raúl E. Gómez Villaverde
D^a. Noemí Sordo Herrero
D^a. Sandra Cid Conde

SERVIZO DE ATENCIÓN A USUARIOS/AS E CONSUMIDORES/AS

D. Raúl E. Gómez Villaverde
D. F. Javier Rego Martínez
D^a. Nuria Giráldez Villar

COMISIÓN DE IGUALDADE

D^a. Sandra Cid Conde
D^a. M^a. Teresa González Rodríguez

NEGOCIACIÓN COLECTIVA

D. José Antonio Pazó Calvar
D^a. Nuria Giráldez Villar
D. Julio César Pintos Justo
D. F. Javier Rego Martínez

COMISIÓN CATASTRO

D. Raúl E. Gómez Villaverde
D^a. M^a. Teresa González Rodríguez
D. Julio César Pintos Justo

Xunta Xeral Anual Ordinaria

Na tarde do 30 de marzo, celebrouse na Sede Colexial a Xunta Xeral Anual Ordinaria, conforme ao establecido no artigo 58 da Orde do 15 de outubro de 2021, pola que se aproban os Estatutos do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra, ás 19:00 horas en primeira convocatoria e ás 19:30 horas en segunda convocatoria, desenvolvéndose de acordo a seguinte ORDE DO DÍA:

- Lectura e aprobación, se é o caso, da acta da Xunta ordinaria anterior
- Exposición polo Presidente da actuación e desenvolvemento do Colexio durante o ano anterior, e do estado no que se atopan as xestións realizadas en defensa dos intereses dos colexiados e colexiadas
- Exame e aprobación, se é o caso, da Memoria Anual 2022
- Exame e aprobación, se é o caso, do balance e conta anuais de ingresos e gastos 2022
- Exame e aprobación, se é o caso, dos orzamentos para o exercicio 2023
- Proposicións, rogos e preguntas dos colexiados e colexiadas

A mesa estivo presidida por D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente de esta corporación, D^a. Noemí Sordo Herrero, Secretaria e D. Marcos Plaza Precedo, Tesoureiro.





Reunións de traballo. Presidencia e Xunta de Goberno

A Xunta de Goberno celebrou diversas reunións durante o ano 2023, nas que se trataron os asuntos propios que afectan á profesión, organización colexial, formación para o colectivo, aprobación de expedientes de movementos colexiais, etc... Mantivéronse diversos actos institucionais e reunións de traballo para un mellor avance e funcionamento da profesión, así como a asistencia a actos conmemorativos.

* REUNIÓN DE XUNTA DE GOBERNO

- ✓ 02 de febreiro de 2023
- ✓ 23 de febreiro de 2023
- ✓ 20 de abril de 2023
- ✓ 24 de maio de 2023
- ✓ 06 de xullo de 2023
- ✓ 21 de setembro de 2023
- ✓ 24 de outubro de 2023
- ✓ 30 de novembro de 2023

* PRESIDENCIA

PLENOS DO CONSELLO XERAL DE COLEXIOS OFICIAIS DE GRADUADOS SOCIAIS DE ESPAÑA

- ✓ 11 de febreiro de 2023 en Málaga asistencia online
- ✓ 30 de marzo de 2023 en Madrid asistencia online
- ✓ 02 de xuño de 2023 en Donosita- San Sebastián
- ✓ 29 de setembro de 2023 en A Coruña
- ✓ 23 de outubro de 2023 en Madrid
- ✓ 13 de novembro de 2023 en Madrid
- ✓ 15 de decembro de 2023 en Madrid

FUNDACIÓN JUSTICIA SOCIAL

- ✓ 18 de xullo de 2023 asistencia online

* COMISIÓNS DE TRABALLO

o TGSS

18 de xaneiro de 2023.- Membros da comisión de relacións co Sistema Rede, *D. Marcos Plaza* e *D^a. Nuria Giráldez*, acoden á convocatoria da TXSS para o seguimento do Sistema Rede en Vigo

19 de maio de 2023.- A comisión de relacións co Sistema Rede, *D. Marcos Plaza*, *D. Julio César Pintos* e *D^a. Nuria Giráldez*, acoden á convocatoria da TXSS para o seguimento do Sistema Rede en Vigo

03 de outubro de 2023.- A comisión de relacións co Sistema Rede, *D. Marcos Plaza*, *D. Julio César Pintos* e *D^a. Nuria Giráldez*, acoden á convocatoria da TXSS para o seguimento do Sistema Rede en Vigo

* REUNIÓN DE TRABALLO, ACTOS REPRESENTACIÓN

Xaneiro 2023

13 de xaneiro de 2023



A pedimento de D. Raúl Gómez Villaverde, Presidente do Colexio, celebrouse unha reunión en Santiago de Compostela coa Secretaria Xeral de Apoio ao Emprego en relación á convocatoria de axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade “IMPACTO AUTONOMO”, para manifestar o descontento do Colectivo en relación á hora do inicio do trámite da axuda.

Desde o noso colectivo entendemos que é moi difícil conciliar a vida laboral e familiar e cumprir a lei de desconexión dixital se por parte da administración ábrese os prazos para presentar subvencións por concorrencia ás 12:00h da noite. É por iso polo que puxemos en coñecemento da Consellería esta cuestión, mostrándose esta comprensiva, comprometéndose a iniciar os prazos en horario laboral do persoal da Xunta de Galicia, é dicir ás 8:00h; convocar ao Colexio para unha reunión informativa antes de publicar estas axudas e subvencións e estudar a posibilidade, en caso de esgotamento do orzamento, dunha ampliación do mesmo.

27 de xaneiro de 2023

A iniciativa do Presidente, prográmase una reunión en Santiago coa Directora Xeral de Relacións Laborais D^a. Elena Mancha Montero de Espinosa. Co fin de renovar o Convenio de colaboración do Servizo de Orientación Xurídico Laboral Gratuíto, solicitar o aumento da dotación económica e solicitar cubrir o gasto de aluguer das vallas publicitarias. Para elo preséntase un documento resume do resultado da quenda de orientación no ano 2.022 especificando os colexiados e colexiadas que participan no mesmo, gastos relacionados e resultados das atencións prestadas ao longo do ano.

31 de xaneiro de 2023



O Presidente, D. Raúl E. Gómez Villaverde, asiste á reunión convocada polo Director Xeral de Xustiza, D. José Tronchoni Albert xunto cos colexios profesionais de avogados e procuradores en Vigo. Durante o encontro tratouse sobre os espazos que corresponden a cada organismo no edificio anexo da Cidade da Xustiza de Vigo.

Na reunión co Director Xeral de Xustiza; estivo presente, ademais do noso Presidente, a decana do Colexio da Avogacía de Vigo, D^a. Loudes Carballo; o decano do Colexio de Procuradores de Vigo, D. José Antonio Fandiño, así como o xuíz decano, D. Germán M^a. Serrano.

No seguinte enlace pódese ler a noticia completa publicada na páxina web da Xunta de Galicia:

<https://www.xustiza.gal/novas/-/nova/X76805/xunta-avalía-cos-colexios-avogados-graduados-sociais-procuradores-espazos-asignados>

Febreiro 2023

10 de febreiro de 2023





A Vicepresidenta 2ª, Dª. Sandra Cid Conde, acude ao acto de Xura ou Promesa da 71º Promoción da Carreira Xudicial que tivo lugar no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, asistindo en representación do Colexio.

14 de febreiro de 2023

A petición do Presidente, D. Raúl E. Gómez; solicítase ser recibido pola Ilma. Sra. Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, para tratar sobre o “Servizo Gratuíto de Orientación Xurídico Socio-Laboral a cidadanía” que o Colexio está a levar adiante. É polo que foi recibido pola deputada de Cohesión Social, Dª. Olga María García Ballesteros, e a asesora de presidencia, Dª. Ana Isabel Doval Fraiz

14 de febreiro de 2023

XUNTA DE GALICIA **Igualdade Laboral** **Campus Online**

Desafíos e oportunidades para un Mercado de traballo sen Estereotipos de xénero

Martes 14 de febreiro | De 17.00h a 19:30 h
Espacio Muta
(Rúa de Joaquín Loriga, 9, 36203 - Vigo, Pontevedra)

Para a inscrición á xornada presencial acceda a:
<https://forms.gle/UBVSYuLVGcnkUMrE6>

Para seguir a sesión por streaming debe inscribirse no taller formativo 10 a través do campus en liña en materia de igualdade laboral: <https://formacion-igualdadelaboral.xunta.gal>

Se quere obter o certificado de aproveitamento do taller, ademais de ter asistido á xornada, presencialmente ou por streaming, deberá responder satisfactoriamente, polo menos o 70% das cuestións expostas no test de avaliación que estará a súa disposición no campus en liña.

OBXECTIVO XERAL
A presenza equilibrada de mulleres e homes en todos os niveis da empresa e a eliminación da segregación vertical e/o horizontal.

OBXECTIVO ESPECÍFICO:
Análise das causas da infrarrepresentación feminina nas condicións de traballo.
A incorporación de medidas fronte á segregación laboral entre mulleres e homes:
Medidas que se poden ter en conta para as persoas do sexo infrarrepresentado no grupo profesional ou debido a que se vaia a cubrir.
Medidas de acción positiva para que, en idénticas condicións de idoneidade, teñan preferencia as persoas do sexo infrarrepresentado para o acceso á xornada a tempo completo ou á contratación indefinida.

Programa

- 17.00 **Café de benvida**
17.30
- 17.30 **Causas de infrarrepresentación feminina**
18.00 **Mónica González Otero**
Inspectora de Traballo e Seguridade Social
- 18.00 **A incorporación de medidas fronte á segregación laboral entre mulleres e homes**
18.30 **María Ángeles García Pérez**
Consultora especializada en materia de igualdade Laboral
- 18.30 **Mesa redonda. Experiencias concretas de empresas**
19.30 **Participan:**
Xurxo Airas Cotobad. Xerente de RH/HR Borgwarner Emissions Systems Spain S.L.
María Luisa Barros Rodríguez. Encargada de obra Valorizaciones Inmobiliarias Orensse SL
Estrella Pereira Filgueiras. Encargada de Taller
Roberto Castro Fernández. Director Comercial / Producción Granitos Del Louro SA

aigualdadelaboral.gal

O Presidente, D. Raúl E. Gómez, tras recibir invitación da Directora Xeral de Relación Laborais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, asiste a xornada “*Desafíos e oportunidades para un mercado de Traballo sen Estereotipos de xénero*” que forma parte do amplo programa formativo en materia de igualdade laboral que está levando a Dirección Xeral de Relacións Laborais, co fin de formar e sensibilizar as persoas que exercen os postos de liderado nas empresas, as persoas traballadoras e a sociedade en xeral sobre o posicionamento das mulleres nas empresas, a desigualdade laboral e como, atallala.

Marzo 2023

03 de marzo de 2023

Recibida invitación de D^a. María Lourdes Carballo Fidalgo, Decana do Colexio da Avogacía de Vigo aos actos da festa anual que tiveron lugar no Auditorio de Afundación coa Imposición da Insignia

de Ouro e o xuramento ou promesa do cargo dos novos letrados e letradas; aos cales asistiu o Presidente do Colexio en representación do mesmo.

16 de marzo de 2023



O Presidente, D. Raúl E. Gómez Villaverde, despois de cursar a solicitude pertinente, reúnese con D. Alfonso Pardo de Santayana Galbis, Xeneral Xefe da Brigada “Galicia” VII Brilat, co obxecto de propoñer un acordo de colaboración entre o servizo de orientación laboral bolsa de traballo no mercado laboral e a Brilat.

16 de marzo de 2023



O Colexio participa na II Edición de EMPREGOinCAMPUS, organizada co apoio do Vicerrectorado de Estudiantado e Empregabilidade, do Consello Social da Universidade de Vigo, do Concello de Vigo e do EURES Transfronterizo Galicia-Norte de Portugal; así como coa colaboración dos centros de cada campus universitario.

A feira ten lugar na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do campus de Vigo e dispoñemos dun stand no que achegar toda a información do Colexio aos futuros/as profesionais Graduados/as Sociais.

17 de marzo de 2023



Raúl Gómez, Presidente; Noemi Sordo, Secretaria; Sandra Cid, Vicepresidenta 2ª; Mercedes Veá, Vicepresidenta 1ª e Remedios Copa, colexiada emérita Ex Vicepresidenta 2ª, asistiron á COMIDA HOMENAXE á Ilma. Sra. Dª. MARÍA TERESA CONDE PUMPIDO TOURÓN, con motivo da súa xubilación como Maxistrada da Sala do Social do TSX de Galicia.

Este Colegio tivo a honra de contar con Dª. Mª. Teresa para amadriñar a promoción 2022 de colexiados e colexiadas sendo a encargada de clausurar os Actos Solemnes Institucionais o pasado 18 de novembro en Vigo, así como a súa inestimable colaboración en diversas xornadas formativas.



22 de marzo de 2023



O presidente da Xunta de Galicia
Alfonso Rueda Valenzuela

e no seu nome

o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes
Diego Calvo Pouso

comprácese en convidar a vostede ao acto de

PRESENTACIÓN DO LIBRO "A CIDADE DA XUSTIZA. UNHA HISTORIA VIVA DE VIGO"

que terá lugar o vindeiro mércores, 22 de marzo, ás 17.30 horas,
no vestíbulo da Cidade da Xustiza de Vigo (rúa Padre Feijóo, 1).

Prégase confirmación nos
teléfonos: 981 54 42 12/14
ou no enderezo electrónico:
secretaria.vicepresidenciasegunda@xunta.gal

Santiago de Compostela, marzo de 2023



El presidente de la Xunta de Galicia
Alfonso Rueda Valenzuela

y en su nombre

el vicepresidente segundo y conselleiro de Presidencia, Justicia y Deportes
Diego Calvo Pouso

se complace en invitarle al acto de

PRESENTACIÓN DEL LIBRO "LA CIUDAD DE LA JUSTICIA. UNA HISTORIA VIVA DE VIGO"


que tendrá lugar el próximo miércoles, 22 de marzo, a las 17:30 horas,
en el vestíbulo de la Ciudad de la Justicia de Vigo (calle Padre Feijóo, 1).

Se ruega confirmación en los
teléfonos: 981 54 42 12/14
o en el correo electrónico:
secretaria.vicepresidenciasegunda@xunta.gal

Santiago de Compostela, marzo de 2023

D^a. Mercedes Veá, Vicepresidenta 1^a e D. Marcos Plaza, Tesoureiro; asisten á Presentación do libro "A Cidade da Xustiza. Unha historia viva de Vigo" no vestíbulo da Cidade da Xustiza de Vigo.

23 de marzo de 2023





Recibida invitación ao acto de entrega dos galardóns de Viguesas e Vigueses Distinguidos - Medalla da Cidade 2023 que tivo lugar o xoves 23 de marzo ás 20:00 horas no Teatro Afundación e á que asistiron D^a. Mercedes Vea e D^a. Noemí Sordo en representación do Colexio.

Abril 2023

24 de abril de 2023



O Presidente, D. Raúl E. Gómez Villaverde, reúne-se coa Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais. Na reunión tratouse a colaboración entre ambas entidades e a programación dunhas xornadas de interese para o colectivo.

26 de abril de 2023



O Presidente, D. Raúl E. Gómez Villaverde xunto con D^a. M^a. Teresa González Rodríguez, vocal; reuníronse con Xerencia do Catastro en Pontevedra, todo elo segundo o disposto no convenio de colaboración en materia de Xestión Catastral, entre a Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección Xeral do Catastro) e o Colexio Oficial de Graduados/as Sociais de Pontevedra, para o control do funcionamento do acordo.

Maio 2023

05 de maio de 2023



A Asociación Profesional de Auditoría Socio Laboral e de Igualdade, CEAL, celebran no Palacio de Congresos de GRANADA os días 4 e 5 de maio, o seu VII CONGRESO NACIONAL DE AUDITORÍA SOCIO LABORAL E DE IGUALDADE, coa participación, como moderador, do Presidente do Colexio, Raúl Gómez, nunha das conferencias do programa elaborado por CEAL, “As empresas e os despachos profesionais ante a imparable dixitalización e externalización de feito da Administración”

Xuño 2023

01, 02 e 03 de xuño de 2023



O Presidente asiste aos Actos institucionais programados polos Colexios que compoñen o Consello Autónomo Vasco.

09 de xuño de 2023



O Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra participou na cerimonia de Gradación de Grado en RR.LL. e RR. HH. da FACULTADE de Ciencias XURÍDICAS e do TRABALLO da UNIVERSIDADE de Vigo.

Acudiu en representación do Colexio D. Eliseo Adolfo Sobrino Ríos, Presidente de honra; D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a; D^a. Noemí Sordo Herrero, Secretaria e D. Raúl E. Gómez Villaverde, Presidente que interveu no acto académico facendo chegar a súa felicitación ás novas incorporacións á profesión, desexándolles o maior dos éxitos no seu futuro profesional.

Nesta ocasión, D^a. Elena Garrido Aguin, Directora de Recursos Humanos de Jealsa Corporation, foi a madriña externa da promoción e D^a. Rosa María Rodríguez Martín-Retortillo, profesora doutora de Dereito do traballo e da Seguridade Social a madriña interna.

14 de xuño de 2023



A Xunta de Goberno propón unha primeira concentración ante a Subdelegación do Goberno en Pontevedra o día 14 de xuño de 2023 ás 12:00 horas. Alí leuse un manifesto no que se expuso a situación que estamos a vivir dende o ano 2020 e o abuso da Administración cara o noso colectivo. Co fin de que, se nos recoñeza o traballo que desenvolvemos e que a nosa labor foi fundamental durante a pandemia e non queremos que se nos exixan atribucións e traballos que debe realizar a Administración.



Trala concentración celebrada por este colectivo ante a Subdelegación do Goberno de Pontevedra, onde se reivindicou a situación que sofre o colectivo, fomos recibidos no Parlamento de Galicia en Santiago, onde se tratou o abuso que vimos sufrindo por parte das AAPP, comprometéndose a trasladar o noso malestar a Madrid.

16 de xuño de 2023



O 16 de xuño inauguramos o despacho de GRADUADOS/AS SOCIAIS na CIDADE DA XUSTIZA DE VIGO, coa presenza de compañeiros e compañeiras colexiados, así como, entre outros, o director Xeral de Xustiza da Xunta, Sr. José Tronchoni, o Xuíz Decano dos Xulgados de Vigo, Sr. Germán M^a Serrano e representantes de outras entidades colaboradoras co noso Colexio.

Inauguración del local de los graduados sociales en los juzgados

El Colegio Oficial de Graduados Sociales de Pontevedra inauguró ayer el despacho de graduados/as sociales en la Ciudad de la Justicia de Vigo. El acto contó con la presencia de profesionales de la rama jurídica laboral, así como, entre otros, el director xeral de Xustiza de la Xunta, José Tronchoni; el juez decano, Germán Serrano; los presidentes de colegios de graduados sociales de Galicia y representantes de otras entidades.





20 de xuño de 2023



O pasado martes 20 de xuño, o Colexio foi invitado á toma de posesión de D^a. Ana Ortiz Álvarez como Delegada Territorial da Xunta en Vigo no edificio da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Vigo; ao que asistiu, en representación do colectivo, D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a.

No acto estivo presente o presidente do Goberno autonómico, D. Alfonso Rueda, quen lle encomendou diálogo con "tódolos gallegos" e "tódalas institucións". D^a. Ana Ortiz, que foi subdelegada do Goberno estatal en Pontevedra, substitúe no cargo a D^a. Marta Fernández-Tapias



que dentro de poucas semanas farase cargo dunha das vicepresidencias da Diputación de Pontevedra.

Xullo 2023

10 de xullo de 2023

En Santiago de Compostela, o presidente do Colexio reuniuse co Subdirector Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Na devandita reunión expúxoselle a inquietude do noso Colexio en tanto en cando non se incluíu a diplomatura de Graduado Social nas oposicións ao corpo de profesores de educación secundaria da materia de formación e orientación laboral (FOL).

Por parte da Consellería transmitíronnos que, o acceso ás oposicións da materia de FOL será para todos os Graos, Doutor e Licenciados Universitarios que estean en posesión do curso de adaptación pedagóxica e tamén para as titulacións específicas que sinala o ANEXO V do RD 276/2007, neste anexo V si está incluída a diplomatura de relacións laborais pero non está incluída a diplomatura de Graduado Social, ademais doutras diplomaturas como son as de diplomado de ciencias empresariais, diplomado en traballo social, diplomado en educación social e diplomado en xestión e administracións públicas.

Por parte deste Colexio manifestóuselle que a titulación de diplomado Graduado Social xunto coa de Relacións Laborais é a idónea para dar esta materia, pero a Consellería de Educación sinala que só dá cumprimento ao que reflicte este RD.

Para concluír só cábenos poñer isto en coñecemento do Consello Xeral para que o transmita ao Ministerio de Educación e neste anexo V inclúase a titulación de Diplomado de Graduado Social.

Setembro 2023

08 de setembro de 2023



No salón de actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais no Campus Universitario de Vigo celebrouse o acto de apertura do curso académico 2023/2024 das Universidades Galegas, ao que asistiu en representación do Colexio, Mercedes Veá, Vicepresidenta 1ª. Coa asistencia do presidente da Xunta de Galicia; o reitor da Universidade de Vigo; o Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Sendo a catedrática de Escultura da Facultade de Belas Artes, Yolanda Herranz a responsable de impartir a lección inaugural, que leva por título "O autorretrato (do artista): Sombras, Reflexos e Reflexións".

13 de setembro de 2023



Diante da Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social (Avda. García Barbón de Vigo), tivo lugar unha concentración dentro da campaña de protestas organizada por este Colexio Oficial, habendo realizado outra o pasado mes de xuño ante a Subdelegación do Goberno en Pontevedra.

En ambas ocasións deuse lectura do manifesto do colectivo de Graduados e Graduadas Sociais de Pontevedra onde queda clara a insufrible situación que estamos a vivir, que nos supón unhas interminables e maratonianas xornadas de traballo, o abandono da profesión por parte de moitos compañeiros/as e empregados/as dos nosos despachos por cuestións de saúde, a perda do noso lexítimo dereito a conciliar a vida laboral, persoal e familiar, sobrevivir a unha continua inseguridade xurídica e, sobre todo, o abuso e o esquecemento institucional do noso colectivo que nos obriga a ter que reivindicar, xa de un modo máis visible, noso dereito a conseguir volver ao noso tan prezado ESTADO DE BENESTAR.

Publicado en prensa:

<https://www.atlantico.net/articulo/vigo/graduados-sociales-reclaman-vigo-poner-fin-abuso-tareas/20230913205804999472.html>

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2023/09/14/graduados-sociales-denuncian-sobrecarga-92069176.html>

Novembro 2023

08 de novembro de 2023



O Presidente, D. Raúl E. Gómez Villaverde, reúnese coa nova Directora Provincial do INSS, Dña. Delaira López Anguos, co obxecto de concretar reunións e formacións entre o Colexio e o INSS chegando a un acordo para realizar unha xornada formativa a principios do ano 2024 para optimizar as xestións co INSS

16 e 17 de novembro de 2023



CONSELLO GALEGO DE RELACIONES LABORAIS

XIX Encontro Galego de Relacións Laborais

Os novos desafíos da negociación colectiva

16 e 17 de novembro 2023
Hostal dos Reis Católicos
(Santiago de Compostela)

CEG CG CCOO Instituto Nacional de Estatística de Galicia UGT

O Presidente, D. Raúl E. Gómez Villaverde, participa no XIX Encontro Galego de Relacións Laborais celebrado en Santiago de Compostela

20 de novembro de 2023



Raúl Gómez, Presidente do Colexio, realiza unha visita institucional a D^a. Carmen Gil Peña, NOVA XEFA DE DEPENDENCIA PROVINCIAL DA ÁREA DE TRABALLO E INMIGRACIÓN.



Informe de secretaría

- Xestión correspondencia
 - Rexistro de entrada/Rexistro de saída.
- Xestión correo electrónico
 - Enderezos electrónicos.
 - Altas/baixas/modificacións novas contas de correo electrónico co dominio @cograsop.com
- Abastecementos
 - Venta Calendarios Laborais.
 - Venta Libro de Subcontratación.
- Información colexial.-Expedición de carnés de colexiados/as.
- Consultas de colexiados/as e chamadas telefónicas atendidas.
- Circulares Informativas “Novidades”, confección e traslado e-mail colexiados/as.
- Expedición de certificados.
- Entrega de documentación informativa.
- Preparación, informe e tramitación de expedientes de altas, baixas e modificacións colexiais.
- Confección de documentación, trípticos etc. para cursos.
- Organización e seguimento de execución acordos de xuntas de goberno, visitas institucionais e outras reunións ordinarias.
- Facturación de pedidos.
- Confección Nóminas, Seguros Sociais do persoal do Colexio.
- Siltra -transmisións Rede do persoal do Colexio.
- Tributación trimestral telemática, IRPF persoal do colexio.
- Tributación telemática IRPF por conferencias, seminarios, cursos...
- Facturación e recibos colexiais.
- Contabilidade, fiscalidade. Contas e memoria anual- transmisión Rexistro mercantil.



- Seguimento disposicións de interese normativo.
- Elaboración Boletín Informativo diario, envío colexiados/as mediante e-mail.
- Web do Colexio.
- Formacións en streaming, edición da gravación e actualización na zona privada da páxina web do Colexio
- Altas, baixas colaboradores colexiados na AEAT.
- Control e seguimento da Bolsa de traballo.
- Control e atención biblioteca.
- Elaboración cartelería e difusión XT anuais- correspondencia Organismos- invitacións saúdas.
- Expedición de diplomas e certificados de asistencia a cursos e xornadas.
- Redacción da Memoria Anual. Elaboración material cursos, seminarios.
- Deseño e revisión de Calendarios de sobremesa.
- Calendarios Laborais, revisión anual para impresión.
- Control e Venda de Lotería do Nadal.
- Control do uso da Sala de Togas nos Xulgados do Social de Vigo e Pontevedra.
- Control seguimento Convenios Colaboración Entidades.
- Servizo de Atención a Usuarios e Consumidores.
- Control e peticións de tarxetas Criptográficas LexNET.
- Asistencia colexial consultas LexNET.
- LEXNET- Seguimento, Incidencias, Xestións Administrador LEXNET.
- Xestión das citas do Servizo de Orientación Xurídico Laboral Gratuíto.

Accións formativas e informativas

ORGANIZADAS POLO COLEXIO

09 DE MARZO DE 2023



O día xoves 09 de marzo, o Colexio organizou a xornada “Novo réxime especial de traballadores/as autónomos/as por rendemento neto” de asistencia presencial na sede colexial e á vez on-line.

Para levar a cabo esta xornada contamos coa participación de D^a. María del Carmen Gil Peña, Subdirectora de Xestión Recadatoria da TXSS Pontevedra e con D. Juan Agustín Herrera de la Rubia, Director Provincial TXSS Pontevedra; durante o desenvolvemento da xornada estiveron acompañados por D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente do Colexio; que presentou e actuou como moderador.

26 DE ABRIL DE 2023



O mércores 26 de abril, o Colexio organizou o “CURSO IRPF 2022. Campaña da Renda en 2023” de asistencia presencial na sede colexial e á vez on-line.

A formación estivo a cargo de D. José Antonio Fernández Pérez, Técnico de Hacienda (AEAT Vigo) que estivo acompañado por D^a. Nuria Giráldez Villar, Vocal COGRASOP.

11 DE MAIO DE 2023



Celebrada na sede colexial e on-line a xornada “Indemnización adicional nos casos de vulneración de dereitos e despidos nulos derivados da Lei 15/2022”, impartida polo Ilmo. Sr. D. Germán María Serrano Espinosa, Maxistrado Xuíz Decano dos Xulgados de Vigo, e como moderador Sr. D. Javier Rego Martínez, vocal da Xunta de Goberno do Colexio, que actuou como moderador.

18 DE MAIO DE 2023



Celebrada na sede colexial e on-line a xornada “O obxectivo da regulación da insolvencia. A atribución de competencias ao Xuíz do concurso no ámbito laboral despois da reforma pola Lei 16/2022, de 5 de setembro”, impartida pola Ilma. Sra. D^a. Amelia María Pérez Mosteiro, Maxistrada da Sala do Mercantil nº3 Vigo, e como moderador Sr. D. Javier Rego Martínez, vocal da Xunta de Goberno do Colexio.

15 DE XUÑO DE 2023



O 15 de xuño, o Colexio organizou esta xornada *“Xestión de nóminas e Seguridade Social”* de xeito presencial e on-line, estando a cargo da mesma, D. Alberto Campos Couselo, Graduado Social Exercente, e como presentador e moderador, D. Marcos Plaza Precedo, Tesoureiro do Colexio.

21 DE SETEMBRO DE 2023



O día 22 de setembro, o Colexio organizou a xornada informativa de forma on-line *“Xestión catastral”*, estando a cargo de D^a. Micaela Martínez Benavente, Xerente Territorial Catastro Pontevedra, D. Jesús Castillo Cortes, Xerente Territorial Adxunto de Pontevedra e con D^a. María

José González Estévez, Xefa de Sección de Xestión; todos eles acompañados por D. Marcos Plaza Precedo, Tesoureiro de COGRASOP e que actuou como presentador e moderador.


26 DE OUTUBRO DE 2023



O xoves día 26 de outubro, o Colexio organizou en colaboración con D. ISMAEL REGO VILAR, Coordinador de Formación e emprego como relator da Dirección Provincial do SEPE de Pontevedra, unha xornada informativa baixo o título “NOVAS BONIFICACIÓNS 01 DE SETEMBRO DE 2023”, co fin de resolver as dúbidas plantexadas previamente polos colexiados e colexiadas.

EN COLABORACIÓN CON OTRAS ENTIDADES

02 DE MARZO DE 2023. MUTUA FREMAP



Na tarde de 02 marzo 2023, o Colexio, coa participación da Mutua FREMAP, organizou a sesión divulgativa “Mindfulness para a redución do estrés no traballo” de forma on-line.

A formación estivo a cargo de D^a. María Raquel Salvador Díaz de Herrera, Técnica de prevención de FREMAP. Dende a Sede Colexial moderou D^a. Noemí Sordo Herrero, Secretaria do Colexio; que estivo acompañada por D. Carlos Llanos Santos, Director Rexional de FREMAP e D^a. María José Dobarro Otero, Xestora e Formadora de FREMAP.

23 DE MARZO DE 2023. MUTUA FREMAP



O xoves 23 de marzo, o Colexio organizou a xornada “Concepto de Accidente de Traballo” de asistencia presencial na sede colexial e á vez on-line.

A formación estivo a cargo de D. Daniel Álvarez Martínez, Xestor e Formador de FREMAP que estivo acompañado por D. Carlos Llanos Santos, Director Rexional de FREMAP e D. F. Javier Rego Martínez, Vocal de COGRASOP.

27 DE ABRIL DE 2023. MUTUA FREMAP



O xoves 27 de abril, o Colexio organizou a xornada “Xurisprudencia do accidente laboral” de asistencia presencial na sede colexial e á vez on-line coa participación da Mutua FREMAP

A formación estivo a cargo de D. José Luis Velázquez Sánchez, Coordinador Nacional da Asesoría Xurídica de Prestacións de FREMAP que estivo acompañado por D^a. Amparo Rodríguez Roo, Directora de FREMAP Porriño e D^a. Noemí Sordo Herrero, Secretaria de COGRASOP, que actuou como moderadora.

04 DE MAIO DE 2023. MUTUA IBERMUTUA GALLEGA



O xoves 04 de maio, o Colexio organizou a xornada “Novidades legais no ámbito da Incapacidade Temporal” de asistencia presencial na sede colexial e á vez on-line coa participación da Mutua IBERMUTUA GALLEGA ademais da participación do Instituto Nacional da Seguridade Social.

A formación estivo a cargo de D^a. Marta Puga Arangüena, Directora de Prestacións de Ibermutua en Galicia; D^a. Inmaculada Freire Ruíz, Xefa de Sección de Subsidios da Subdirección de Información Administrativa e Subsidios e por D^a. Aurora García Fernández, Xefa de Equipo da Sección de Subsidios da Subdirección de Información Administrativa e Subsidios. Durante a xornada estiveron acompañadas por D^a. Noemí Sordo Herrero, Secretaria de COGRASOP, que actuou como moderadora.

09 DE MAIO DE 2023. CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS



O Consello Galego de Relacións Laborais, Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da UVigo e este Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra, celebran o 9 de maio no Salón de Actos do Edificio de Sesións da Autoridade Portuaria de Vigo, as Xornadas “Luces e Sombras da Reforma Laboral”, nas que profesionais do mundo da Xudicatura, a Universidade, a Inspección de Traballo, e de representantes das organizacións sindicais e empresariais máis representativas en

Galicia, trataron sobre o Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.


A dirección xeral está a cargo de D^a. Antía Sández Callejo, Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, Jaime Cabeza Pereiro, Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da UVigo e de D. Raúl E. Gómez Villaverde, Presidente do Colexio; Javier Rego Martínez, interveu como moderador dun dos relatorios a cargo de Inspección de Traballo.

22 DE MAIO DE 2023. GRUPO ISONOR



Celebrada na sede colexial e on-line a xornada “Novo contrato de Traballo de formación en Alternancia (Real Decreto-lei 32/2021)”, coa participación de Grupo ISONOR, impartida por D. Ismael Rego Vilar, Coordinador de formación e emprego - SEPE. Durante a xornada estivo acompañado por D. Jorge J. González Cuenca, CEO Isonor e por D. Raúl E. Gómez Villaverde, Presidente que actou como moderador.


25 DE MAIO DE 2023. MUTUA FREMAP



O 25 de maio, o Colexio organizou coa participación da Mutua FREMAP a formación “Recaídas, subrogacións, pluriemprego e pluriactividade” de forma on-line; sesión que forma parte do ciclo sobre a Incapacidade Temporal.

A formación estivo a cargo de D. Federico Rodríguez Hernández, Director da oficina de FREMAP en Almendralejo e D. Pablo Luis Hervás Benito, Xestor e formador de FREMAP que estiveron acompañados dende a Sede Colexial por D. Fernando Rodríguez Correa, Director de FREMAP de Vigo, D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a de COGRASOP e D^a. M^a José Dobarro Otero, Xestora e formadora FREMAP.

06 DE XUÑO DE 2023. MUTUA FREMAP



Martes 06 de xuño, o Colexio impartiu coa participación da Mutua FREMAP a formación “Impugnacións, altas e tipos de resolucións do INSS en Incapacidade Temporal” de forma on-line; sesión que forma parte do ciclo sobre a Incapacidade Temporal.

A formación estivo a cargo de D. Ricardo Iglesias Carballo, Xestor e formador de FREMAP e D. Pablo Luis Hervás Benito, Xestor e formador de FREMAP que estiveron acompañados dende a Sede Colexial por D. Fernando Rodríguez Correa, Director de FREMAP de Vigo, D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a de COGRASOP e D^a. M^a José Dobarro Otero, Xestora e formadora FREMAP.

08 DE XUÑO DE 2023. MUTUA FRATERNIDAD-MUPRESA



O xoves 08 de xuño, o Colexio organizou coa participación de Mutua FRATERNIDAD-MUPRESA a formación “Prestación por cuidado de menores - CUME” de xeito presencial e on-line.

A formación estivo a cargo de D. Francisco Barroso Jadraque, Coordinador Territorial Prestacións Económicas Mutua FRATERNIDAD-MUPRESA que estivo acompañado por D. Andrés F. Ortigueira Núñez, Director Delegación Vigo Mutua FRATERNIDAD-MUPRESA e D^a. M^a Teresa González Rodríguez, Vocal de COGRASOP e que actuou como presentadora e moderadora.

21 DE SETEMBRO DE 2023. CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS





O 27 de setembro, o Colexio xunto co Consello Galego de Relacións Laborais, celebramos en Pontevedra, as xornadas sobre Puntos quentes nos procesos de negociación e no rexistro dos plans de igualdade, cos seguintes relatorios:

- *DESPEXANDO DÚBIDAS EN MATERIA DE REXISTRO (REGCON) María Carmen Sixto Vilas. Xefa de Servizo de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade*
- *NEGOCIANDO OS PLANS DE IGUALDADE Representantes de CIG, SN de CCOO de Galicia e UGT-Galicia, e da CEG*
- *A MEDIACIÓN COMO AVANCE NOS PLANS DE IGUALDADE Mónica González Otero. Mediadora do AGA*
- *A ACTUACIÓN INSPECTORA NOS PLANS DE IGUALDADE Beatriz Sueiro Padín. Inspectora de Traballo e Seguridade Social*

A dirección estivo a cargo de D^a. Antía Sáñez Callejo, Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais e D. Raúl E. Gómez Villaverde, Presidente do Colexio.

25 DE OUTUBRO DE 2023. MUTUA FREMAP



O 25 de outubro, o Colexio organizou coa participación de Mutua FREMAP a formación “Cálculo de bases reguladoras en contratos a tempo completo” de xeito on-line; sesión que forma parte do ciclo de cálculo de bases reguladoras composto por dúas xornadas.

A formación estivo a cargo de D. Carlos Fernández Imaz, Director Oficina Arnedo (La Rioja) FREMAP que estivo acompañado dende a sede colexial por D. Carlos Llanos Santos, Director Rexional de FREMAP, D^a. María José Dobarro Otero, Xestora Pontevedra FREMAP e D^a. Noemí Sordo Herrero, Secretaria COGRASOP.

08 DE NOVEMBRO DE 2023. MUTUA FREMAP



O 08 de novembro, o Colexio organizou coa participación da Mutua FREMAP a formación “Cálculo de bases reguladoras en contratos a tempo parcial e fixo-descontinuo” de xeito on-line; sesión que forma parte do ciclo de cálculo de bases reguladoras composto por dúas xornadas.

A formación estivo a cargo de D. Carlos Fernández Imaz, Director Oficina Arnedo (La Rioja) FREMAP que estivo acompañado dende a sede colexial por D. Carlos Llanos Santos, Director Rexional de FREMAP, D^a. María José Dobarro Otero, Xestora Pontevedra FREMAP e D^a. Sandra Cid Conde, Vicepresidenta 2^a COGRASOP.

III Xornadas laboralistas 2023



Universidade de Vigo
Salón de Grados de la Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
As Lagoas, Marcosende

VIGO DÍA 10 DE OCTUBRE DE 2023

Dirixida a TODOS os profesionais del Derecho del Trabajo y Seguridad Social; Recursos Humanos; Estudiantes del Grado en Relaciones Laborales y RR.HH.

III JORNADA LABORALISTA

09:15 h. Recepción de asistentes.
09:30 h. Inauguración de las III Jornadas Laboralistas.
10:00 h. Primeira ponencia
"LAS NORMAS DE DERECHO TRANSITORIO Y LA APLICACIÓN PRÁCTICA DE LAS REFORMAS DE SEGURIDAD SOCIAL".
D^a Gemma Quinteiro Lima, Profesora Titular de la Universidad Carlos III de Madrid.
11:30 h. Pausa-café
12:00 h. Segunda ponencia
"LA CALIFICACIÓN DEL DESPIDO EN IT. INFLUENCIA DE LA LEY 15/2022".
D^a Concepción Esther Morales Vázquez, Magistrada de la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Madrid.
13:00 h. Tercera ponencia
"PROBLEMÁTICA ACTUAL EN LA CONTRATACIÓN DE HIJOS DISCONTINUOS".
D. Germán María Serrano Espinosa, Magistrado Decano de los Juzgados de Vigo.
14:00 h. Acto de Clausura.

ORGANIZA:
COLEXIO OFICIAL GRADUADOS SOCIAIS DE PONTEVEDRA
FUNDACIÓN JUSTICIA SOCIAL
Consejo General Graduados Sociales de España

COLABORAN:
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo Universidade de Vigo
MAPFRE
CaixaBank
procesa
antea
Santander
Wolters Kluwer
GLOBALFINANZ

Información e inscricións
Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra
Calle Alfonso X O Sabio, nº 3 - 1^a - 36211 Vigo
Teléfono 986 20 09 18
cograsop@telefonica.net
www.cograsop.com

Fecha límite de inscrición hasta el 09/10/2023

O día 10 de outubro de 2023 tivo lugar a III Xornada Laboralista en Pontevedra, organizada polo Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra, a Fundación Xustiza Social coa colaboración da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.



Foi unha xornada dirixida a Graduados/as Sociais e estudantes de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e tamén a outros colectivos entre os que destacamos responsables de Recursos Humanos, Mutuas, Sindicatos e outros traballadores dos despachos de colexiados/as Graduados Sociais.

A III Xornada Laboralista desenvolveuse no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo na que actuou como moderador Pedro Antonio Pérez Santiago, Director Adxunto do Diario de Pontevedra e un elenco de relatores de alto nivel en cada un dos temas da Xornada. María Gema Quintero Lima, Profesora Titular da Universidade Carlos III de Madrid, foi a encargada de iniciar esta III Xornada Laboralista, coa impartición da conferencia sobre “As normas de dereito transitorio e a aplicación práctica das reformas de seguridade social”



O programa deseñado tamén contou co relatorio da “A cualificación do despedimento en IT. Influencia da Lei 15/2022” impartida por Concepción Esther Morais Vállez, Maxistrada da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, seguida con gran interese polos asistentes xa que se trata dun tema de moita actualidade.



Outro relatorio que despertou gran interese foi a exposición realizada por Germán María Serrano Espinosa, Maxistrado Decano dos Xulgados de Vigo, que falo sobre os “Problemática actual na contratación de fixos discontinuos”



A mesa do acto inaugural estivo integrada por Noemi Sordo Herrero, Secretaria do colexio de Graduados Sociais de Pontevedra e José Tronchoni Albert, Director Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia.



A Clausura destes actos correu a cargo de Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra; Susana Soneira Lema, Vicepresidenta 2º Consello Xeral Colexios Oficiais Graduados Sociais de España; Francisco José Torres Pérez, Decano Facultade Ciencias Xurísticas e do Traballo; Elena Mancha Montero de Espinosa, Directora Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia e Jaime Aneiros Pereira, Área de Goberno de Orzamentos e Facenda. Concello de Vigo.





XXX Jornadas técnicas 2023

30º

JORNADAS TÉCNICAS

9, 16 y 23 de noviembre de 2023
Sede colegial



Graduados Sociales de Pontevedra

PRESENCIAL
Y ON-LINE

INSCRIPCIÓN GRATUITA Y OBLIGATORIA: Para asistir a estas jornadas es imprescindible confirmar previamente asistencia, enviando el boletín debidamente cubierto a la secretaría del Colegio al e-mail: cograsop@telefonica.net

PROGRAMA JORNADAS

SEDE COLEGIAL c/. Alfonso X O Sabio, n.3-1º VIGO	JUEVES 9 DE NOVIEMBRE	
	19:00 h	<p>POENCIA "PECULIARIDADES DEL IVA, PRORRATA, RÉGIMEN DIFERENCIADOS, RÉGIMEN MOSS" Ponente: D. José Rodríguez Quiroga Cargo: Técnico de Hacienda Modera: D. Marcos Plaza Precedo, Tesorero COGRASOP</p>
	JUEVES 16 DE NOVIEMBRE	
	19:00 h	<p>POENCIA "COMO AFRONTAR UNA INSPECCIÓN DE TRABAJO" Ponente: D. Luis Pérez Alvarez Cargo: Inspector de Trabajo y Seguridad Social Modera: Dª. Noemí Sordo Herrero, Secretaria COGRASOP</p>
	JUEVES 23 DE NOVIEMBRE	
	19:00 h	<p>POENCIA "CONCEPTOS BÁSICOS DEL PERMISO DE TRABAJO Y RESIDENCIA" Ponente: Dª. Sonia Canay Pazos Cargo: Abogada. Experta en Derecho Extranjería Modera: D. Julio César Pintos Justo, Vocal COGRASOP</p>
ACTOS INSTITUCIONALES		
CIDADE DA XUSTIZA DE VIGO c/. Padre Feijoo, 1. SALA 1 (PLANTA BAJA)	VIERNES 24 DE NOVIEMBRE	
	19:00 h	<p>-JURA O PROMESA COLEGIADOS Y COLEGIADAS Padrino de la promoción: D. José Tronchón Albert, Director Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia</p> <p>-ENTREGA DE DISTINCIONES EN RECONOCIMIENTO A LOS 50 y 25 AÑOS DE COLEGIACIÓN</p> <p>-ENTREGA DE CODERAS DE BRONCE, PLATA Y ORO EN RECONOCIMIENTO A LOS TRES MEJORES EXPEDIENTES ACADÉMICOS PROMOCIÓN DE GRADO EN RELACIONES LABORALES Y RECURSOS HUMANOS 2019-2023 DE LA FACULTAD DE CIENCIAS JURÍDICAS Y DEL TRABAJO DE LA UNIVERSIDAD DE VIGO</p>
	21:30 h	<p>CENA CONFRATERNIDAD HOTEL VIGO LOS GALEONES Avda. de Madrid, nº21 36204 Vigo</p>



ORGANIZA

COLEXIO OFICIAL
GRADUADOS SOCIAIS
DE PONTEVEDRA

PATROCINA



Partner PREMIUM de:
Wolters Kluwer

- 09 de novembro de 2023

PECULIARIDADES DO IVA, PRORRATA, RÉXIME DIFERENCIADOS, RÉXIME MOSS

D. José Rodríguez Quiroga, Técnico de Hacienda



- 16 de novembro de 2023

COMO AFRONTAR UNHA INSPECCIÓN DE TRABALLO

D. Luis Pérez Álvarez, Inspector de Traballo e Seguridade Social



- 23 de novembro de 2023

CONCEPTOS BÁSICOS DO PERMISO DE TRABAJO E RESIDENCIA

D^a. Sonia Canay Pazos, Avogada. Experta en Dereito Estranxeiría



Actos solemnes institucionais

24 de novembro de 2023. Cidade da Xustiza en Vigo



Na Cidade da Xustiza de Vigo, celebráronse os Actos Solemnes de Xura/Promesa das novas persoas colexiadas e incorporadas este ano; recoñecemento e entrega de distincións colexiais aos compañeiros e compañeiras que levan colexiados/as 25 anos e a entrega das Coderas de Bronce, Prata e Ouro, ás tres persoas con mellores expedientes académicos da promoción 2019/2023 de Grado en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo-Universidade de Vigo.

A secretaria, saúda e dá a benvida ás persoas que compoñen a mesa presidencial, autoridades, ás persoas distinguidas, invitados e invitadas así como ao colectivo convocado presente na Sala nº1 da Cidade da Xustiza.



Mesa presidencial de esquerda a dereita: D. Eliseo Adolfo Sobrino Ríos, Presidente de Honra do Colexio; D. Germán M^a. Serrano Espinosa, Decano dos Xulgados de Vigo; D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente do Colexio; D. José Tronchoni Albert, Director Xeral Xustiza da Xunta de Galicia; D. Francisco J. Torres Pérez, Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a. do Colexio.



Toma a palabra o Presidente do Colexio, D. Raúl E. Gómez Villaverde para a apertura dos Actos Solemnes, dando paso ás intervencións do Decano dos Xulgados de Vigo e o Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, que tiveron palabras de felicitación para as novas persoas Graduados/as Sociais e para as mozas con mellores expedientes polo seu tesón e esforzo. Tamén aos compañeiros e compañeiras que recibiron as distincións polos seus 25 anos de colexiación ininterrompida, polo labor realizado en todos estes anos.



PROCEDEUSE AO ACTO SOLEMNE DE XURA/ROMESA contando coa presenza do Director Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, Sr. D. José Tronchoni Albert como PADRIÑO da nova promoción 2023 de colexiados/as, dedicándolles unhas cariñosas palabras de benvinda, sendo o encargado da clausura dos Actos.



D^a. MAYTE ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, Madriña D^a. Ana de la Torre Álvarez

D^a. BEATRÍZ GRAÑA SALGADO, Padriño D. Jesús Enrique Molares Mora

D^a. AGLAE MATILDE LÓPEZ MIRAMONTES, Madriña D^a. Nuria Giráldez Villar

D. ISRAEL MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Madriña D^a. María Isabel De Luis Fontenla

D. IVÁN OUBIÑA AROSA, Madriña D^a. Begoña Carbajal Martínez

D^a. SUSANA TATO PAMPIN, Padriño D. José Puentes Rodríguez

D^a. MARÍA OLIMPIA TERZADO CARRILLO, Padriño D. José Ángel Seguí Cid

D^a. BÁRBARA VÁZQUEZ TORRES, Padriño D. José Manuel Rodríguez Rodríguez

ENTREGA DAS DISTINCIÓNS COLEXIAIS AOS 25 ANOS DE COLEXIACIÓN



1. D^a. ANA BELÉN DURÁN FERNÁNDEZ
2. D. ADOLFO LIMES FERNÁNDEZ
3. D^a. MARÍA JOSÉ OTERO GÓMEZ
4. D^a. MARÍA SOLEDAD SANTOMÉ CORRALES
5. D^a. MARÍA VICTORIA TOURIÑO COUSO
6. D. EMILIO VIDAL RODRÍGUEZ

ENTREGA DAS CODEIRAS de Bronce, Prata e Ouro, aos tres mellores expedientes académicos da promoción 2019/2023 de Grado en Relacións Laborais e Recursos Humanos.



JESSICA FABIOLA DUQUE VICENTE ANA ISABEL GIRÁLDEZ BRUNO DACOSTA FERNÁNDEZ

Recolle D^a. Mónica García Freiría

Codera de Bronce

Codera de Prata

Codera de Ouro



Mesa presidencial, colexiados/as que xuraron/prometeron acompañados/as das súas madiñas, colexiados/as distinguidos/as, codeiras e integrantes da Xunta de Goberno

A xornada dividiuse en dúas partes: a solemne cerimonia de entrega de xuramento de novos colexiados e colexiadas, celebrada na Cidade da Xustiza de Vigo e, posteriormente, a cea de confraternidade no Hotel Vigo Os Galeóns.


Juan Agustín Herrera de la Rubia, Director Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social, Delaira López Anguos, Directora Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social e Rosa María Alonso Aragón, Directora Provincial do Instituto Social da Mariña, participaron nos actos; así como Susana Soneira Lema, Presidenta do Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, tamén asistiron outras autoridades e persoas distinguidas que quixeron acompañar aos seus compañeiros e compañeiras de Pontevedra.

Servizo Gratuíto de Orientación Xurídico Laboral

Ao longo do ano 2023, continuouse co servizo gratuíto de orientación xurídico laboral que se presta na Sede Colexial. Realizáronse a maioría das consultas de xeito presencial; a excepción dalgunha consulta que, debido a urxencia da resolución ou a imposibilidade de desprazarse á sede colexial o cidadán ou cidadá, realizouse a consulta telefonicamente.

Participan no servizo un total de 16 colexiados e colexiadas que así o solicitan, todo elo, no eido de prestar asesoramento xurídico aos cidadáns sen recursos da Provincia de Pontevedra e a pesar do gran volume de traballo que os compañeiros e compañeiras tiveron nos seus despachos profesionais.

Tal e como se veu de realizar nos anteriores anos, prestouse este servizo en quendas semanais, resultando no ano 2023 un total de 175 consultas realizadas polos cidadáns na sede colexial e entre elas 18 consultas urxentes que foron resoltas telefonicamente. A maioría das dúbidas expostas polos cidadáns céntranse en temas laborais; cun porcentaxe dun 56% do total, así mesmo tamén existe unha alta demanda de consultas en relación a salarios o 18%.



O día 3 de marzo de 2023, asinouse un novo Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia e os Colexios Oficiais de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, Pontevedra e Lugo para o servizo de Orientación Xurídico-Laboral.

A sinatura deste Convenio supón unha axuda económica para sufragar en parte os gastos que de xeito altruísta veñen asumindo os Colexios e os colexiados/as que prestan os seus servizos



gratuitamente aos cidadáns sen recursos, a través do Servizo de Asesoramento Laboral Gratuíto que, no caso de Pontevedra, opera dende 2017.

Debido ao interese mutuo de seguir ofrecendo a prestación deste servizo de orientación a máis persoas beneficiarias e dar continuidade ao servizo durante todo o ano; con data 08 de outubro de 2023 asinouse a addenda ao convenio modificando a cláusula cuarta sobre orzamento e quinta sobre gastos subvencionables; aumentando a contía destinada a cada colexio participante no mesmo.



Bolsa de emprego

A bolsa de emprego é un dos servizos integrados no Colexio de Graduados Sociais cuxa xestión é gratuíta, rápida e confidencial. Os profesionais ou empresas que precisen cubrir un posto vacante poden solicitar que se lles envíe, indicando previamente os requisitos necesarios e unha breve descrición do posto, os currículos de colexiados/as que estean interesados para a súa cobertura.

A empresa deberá enviar á Secretaría do Colexio os datos de contacto, que serán confidenciais e quedarán a disposición do Colexio con este único fin. Posteriormente, procederase ao envío dos currículos recibidos por correo electrónico dos colexiados/as interesados/as inscritos a través da referencia asignada á oferta sendo a propia empresa a que se porá en contacto co candidato/a que lle interese e encaixe co perfil solicitado para concertar a entrevista.

Poden formar parte da Bolsa de Emprego, tódolos aqueles colexiados/as que estean en busca activa ou cambio para a mellora do emprego. Unha vez recibida a solicitude da vacante no Colexio, comunícase aos colexiados/as da oferta de emprego dispoñible para que os que estean interesados/as remitan os seus datos actualizados e poder facilitalos ó profesional ou empresa. Con isto logramos mellorar a busca de posibles candidatos/as así como, axudar aos Graduados/as Sociais na súa procura activa de emprego.


O longo do 2023, recibíuse no Colexio un total de 32 ofertas de emprego, ofrecendo na súa maioría un posto de Graduado/a Social a tempo completo nos departamentos laborais de diferentes empresas.

Base de datos

O Colexio dende hai anos vén proporcionando aos colexiados e colexiadas a través da Web Corporativa do Colexio unha base de datos xurídica de acceso gratuíto para todos e todas.

Ante o vencemento do contrato con SEPÍN, en Xunta de Goberno procedeuse a valorar outras editoriais e as súas prestacións, por elo decidiuse cambiar á BASE DE DATOS DATALEY, servizo de información xurídica pensado especificamente para ser unha ferramenta de traballo indispensable no exercicio da profesión que se caracteriza polo rigor e a actualización diaria dos seus contidos.

DataLEY consta de 4 módulos dende os cales podedes acceder aos contidos que te interesan en cada momento:



1. Xurisprudencia
2. Lexislación
3. Convenios Colectivos
4. Formularios

Para acceder a Base de Datos os colexiados e colexiadas deben entrar na páxina web corporativa do Colexio e dirixirse a pestana BASE DE DATOS do menú, unha vez identificado/a coas súas claves persoais no apartado de acceso de usuarios/as.



Censo colexiados/as 2023

13 ALTAS

7 non exercente
2 exercente de empresa
4 exercente libres

13 BAIXAS

9 non exercente
2 exercente de empresa
2 exercentes libres

12 MODIFICACIÓNS

2 de N.E. a E.L.
1 de N.E. a E.E.
1 de N.E. a emérito
2 de E.E. a E.L.
2 de E.E. a N.E.
3 de E.L. a N.E.
1 de E.L. a E.E.


TOTAL COLEXIADOS A 31 DE DECEMBRO 2022: 401

Non exercente	147
Eméritos	27
Exercente de empresa	51
Exercentes libres	176

TOTAL COLEXIADOS A 31 DE DECEMBRO 2023: 401

Non exercente	146
Eméritos	28
Exercente de empresa	49
Exercentes libres	178

COMPARATIVA 2022 - 2023





Informe anual de xestión económica

Informe anual de xestión económica, incluíndo os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións dos membros da xunta de Goberno en razón do seu cargo:

GASTOS DE PERSOAL SEGUNDO CONVENIO COLECTIVO OFICINAS E DESPACHOS

SALARIOS BRUTOS:	42.580,31 €
SEGUROS SOCIAIS:	13.570,56 €
TOTAL CUSTE PARA O COLEXIO	56.150,87 €

Gastos de desprazamento e gastos ocasionados polos membros da xunta de goberno no desempeño das súas funcións.

Conforme ao artigo 41.1 dos Estatutos, o exercicio dos cargos de Presidente e vogal da Xunta de Goberno terá carácter obrigatorio, honorífico e gratuíto, sendo así que a totalidade dos membros da Xunta de Goberno non percibiron remuneración algunha polo exercicio dos seus cargos nin polos traballos realizados para o Colexio, aboándose en concepto indemnizador os gastos de desprazamento e os gastos ocasionados por estes no desempeño das súa funcións, reflectidos na contabilidade na conta 627 como segue:

Gastos de desprazamento e representación Presidencia e Xunta de Goberno:
12.151,56€

b) Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

DE EXERCENTES LIBRES DA PROFESIÓN POR CONTA PROPIA

Cota incorporación ao Colexio:	187,42 €
Cota mensual	41,20 €

DE EXERCENTES DA PROFESIÓN POR CONTA ALLEA

Cota incorporación ao Colexio:	122,23 €
Cota mensual:	27,47 €

DE NON EXERCENTES

Cota incorporación ao Colexio:	80,81 €
Cota mensual:	13,73 €



Procedementos informativos e sancionadores

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzado firmeza, con indicación da infracción á que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta no seu caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

Non se produciu durante o ano 2023, ningunha instrución nin expediente informativo, relativo a este apartado.

Queixas e reclamacións

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, no seu caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

LEI 25/2009 (Lei Ómnibus) Art. 5.-e LEI 1/2010, de 11 de febreiro da C.A. de Galicia e a LEI 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeneral das persoas consumidoras e usuarias,(DOG de 11 de abril de 2012)

RECLAMACIÓNS E QUEIXAS:

O Servizo de Atención a Usuarios e Consumidores no exercicio 2023, tivo entrada na secretaría:

- Denuncia con rexistro nº 6/2023, de 31 de xaneiro, polos servizos prestados. Tramitación realizada e traslado á parte interesada de conclusión: “*Se procede al archivo del procedimiento ya que no procede a este Colegio actuación alguna por no tener competencia en el asunto.*”

Queixas e Reclamacións	31-12-2023
	1

Graduados/as Sociais na prensa

O Colexio levou adiante unha campaña de comunicación a través dos diferentes medios escritos e radiofónicos para dar visibilidade e prestixio á profesión e funcións dos Graduados/as Sociais.

17 de maio de 2023.- Entrevista ao Presidente no set *Atlántico TV*



O periódico Atlántico Diario, na súa edición papel e dixital, publica unha entrevista a D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente do Colexio, onde expón a situación que atravesamos o colectivo dende o inicio da pandemia, reflectindo a realidade profesional e persoal do GRADUADO/A SOCIAL, así como os retos futuros da profesión.

Para ver o contido completo pódese acceder a través do seguinte enlace:

<https://www.atlantico.net/articulo/entrevista-a/raul-gomez-presidente-colegio-graduados-sociales-pontevedra/20230515202419983352.html>

07 de xuño de 2023.- Publicación no *Diario de Pontevedra* informando do inicio de convocatorias de concentración do colectivo

<https://www.diariodepontevedra.es/articulo/pontevedra/graduados-sociales-ponen-pie-guerra/202306071423421256914.html>



10 de xuño de 2023.- Publicación no *Faro de Vigo* informando do inicio de convocatorias de concentración do colectivo

<https://www.farodevigo.es/pontevedra/2023/06/10/graduados-sociales-pontevedra-convocan-concentracion-88525329.html>



15 de xuño de 2023.- Publicación no *Faro de Vigo* difundido a convocatoria de concentración do colectivo celebrada na cidade de Pontevedra

<https://www.farodevigo.es/pontevedra/2023/06/15/graduados-sociales-abusos-administracion-88712449.html>

SECCIONES **PONTEVEDRA** MORRAZO DEZA-TABEIRÓS AROUSA OURENSE SOCIEDAD CONCELLOS GALICIA

Los graduados sociales, “contra los abusos de la Administración”

REDACCIÓN
Pontevedra | 15/06/23 | 06:09



Concentración ante la Subdelegación del Gobierno. / RAFA VAZQUEZ

LO MÁS VISTO

1. Este es el nuevo permiso laboral que tienen los trabajadores para el 2024
2. Detenido en Reino Unido el principal sospechoso de la muerte del joven Souffian en Salceda
3. Muere la atleta Alba Cebrián tras sufrir un paro cardíaco mientras entrenaba en Castellón
4. Teis ganará 140.000 m2 de zonas verdes con el nuevo PXDM en A Riosa. A Guía o la ETEA
5. Guerra en Atunilo: la vasca Iñepesca busca cerrar en Galicia y trasladar la producción a Portugal

El Colegio Oficial de Graduados Sociales realizó ayer una concentración de protesta ante la Subdelegación del Gobierno de Pontevedra, en la que se leyó un manifiesto con sus reivindicaciones. Se refieren a las consecuencias que ha tenido la pandemia de COVID en las relaciones sociolaborales y el impacto de las diversas medidas legales adoptadas para paliar la situación. “Ha llegado la hora de reivindicar y defender nuestros derechos, no más abusos por parte de la Administración”, expone la junta de gobierno de este colegio, en la reunión en la que convocó esta protesta. Ayer recordaron la situación “que estamos viviendo desde el año 2020 y el abuso de la Administración hacia nuestro colectivo”.

16 de xuño de 2023.- Publicación no *Faro de Vigo* en relación a Inauguración do despacho asignado na Cidade da Xustiza de Vigo

O 16 de xuño inauguramos o despacho de GRADUADOS/AS SOCIAIS na CIDADE DA XUSTIZA DE VIGO, coa presenza de compañeiros e compañeiras colexiados, así como, entre outros, o director Xeral de Xustiza da Xunta, Sr. José Tronchoni, o Xuíz Decano dos Xulgados de Vigo, Sr. Germán M^a Serrano e representantes de outras entidades colaboradoras co noso Colexio.

FARO DE VIGO
SÁBADO, 17 DE JUNIO DE 2023

Inauguración del local de los graduados sociales en los juzgados

El Colegio Oficial de Graduados Sociales de Pontevedra inauguró ayer el despacho de graduados/as sociales en la Ciudad de la Justicia de Vigo. El acto contó con la presencia de profesionales de la rama jurídica laboral, así como, entre otros, el director xeral de Xustiza de la Xunta, José Tronchoni; el juez decano, Germán Serrano; los presidentes de colegios de graduados sociales de Galicia y representantes de otras entidades.

13 de setembro de 2023.- Publicación no *Atlántico Diario* sobre as novas convocatorias de concentracións do colectivo

<https://www.atlantico.net/articulo/vigo/graduados-sociales-piden-trato-preferente/20230912204731999322.html>



14 de setembro de 2023.- Publicación no *Faro de Vigo* sobre as novas convocatorias de concentracións do colectivo esta vez na cidade de Vigo

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2023/09/14/graduados-sociales-denuncian-sobrecarga-92069176.html>



14 de setembro de 2023.- Publicación no *Atlántico Diario* sobre as novas convocatorias de concentracións do colectivo esta vez na cidade de Vigo

<https://www.atlantico.net/articulo/vigo/graduados-sociales-reclaman-vigo-poner-fin-abuso-tareas/20230913205804999472.html>

